



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA DE 7 DE XUÑO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se crea un Colexio de Educación Infantil e Primaria na Valenzá, no Concello de Barbadás (Ourense)
- Decreto polo que se dispón a substitución dun membro do Consello Escolar de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Jacinto Parga Fernández como delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes na provincia de Coruña
- Decreto polo que se nomea a Jacinto Parga Fernández como presidente de Portos de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun protocolo entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais polo que se prorroga, para o ano 2007, o convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes, así como de reforzo educativo
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio plurianual de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Santiago de Compostela para a promoción e apoio á investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades nos anos 2007-2009



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre as consellerías de Presidencia, Medio Rural e Traballo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil e protección e extinción de incendios forestais
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas, EXPONAV, para a realización de traballos tendentes a fomentar a conservación e exposición do patrimonio técnico ornamental e documental a través da montaxe e instalación da Exposición Nacional da Construcción Naval, EXPONAV

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello da Illa de Arousa para a creación dunha escola infantil municipal 0-3 integrada na Rede Galega de Escolas Infantís 0-3 (Galescola)
- Acordo polo que se autoriza a validación da cláusula sétima do convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Cruz Vermella de Galicia para a execución do programa de familias acolledoras, para os efectos de establecer un anticipo do 30 por cento da contía do convenio no momento da súa sinatura
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para o financiamento do mantemento de equipamentos de atención á dependencia e se autoriza a concesión dun anticipo do 35% da contía total do convenio como primeiro pagamento

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Monterroso (Lugo) para realizar as obras de ordenación da praza Antonio Rojo Losada
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Baltar (Ourense) para realizar as obras de urbanización da praza de Baltar



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vilardevós (Ourense) para realizar as obras de pavimentación da rúa Eloi Luís Andrés, fase II
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Moaña para a mellora da seguridade viaria na PO-314, avenida Daniel Castelao, entre o punto quilométrico 16 + 600 e o punto quilométrico 17 + 350
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda nº 1 ao convenio de colaboración suscrito pola Xunta de Galicia, a través das Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e Vivenda e Solo, e o Colexio Oficial de Arquitectos, para a adaptación de materiais do Proxectoterra

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as empresas Unión Fenosa S.A., Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A (BEGASA) e a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía Eléctrica de Galicia (APYDE) para a mellora da calidade da subministración eléctrica de Galicia 2007-2009
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Ministerio de Vivenda da Administración do Estado e o Concello de Santiago de Compostela, para a realización e financiamento das obras de remodelación da praza de abastos de Santiago de Compostela

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a preveza da utilidade pública po proxecto para a instalación do gasoduto denominado: "Cabanas-Betanzos-Abegondo", no concello de Pontedeume (A Coruña), sobre a do monte veciñal en man común Coto da Trapa, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Ombre



CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo do compromiso do gasto plurianual para financiamento da orde pola que se establecen bases reguladoras e se convocan bolsas de investigación en materia de patrimonio de arte contemporánea galega
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Atletismo co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Hípica co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Hockei co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Vela co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Natación co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 1.961,44 metros cadrados, feito a título gratuito polo Concello de Coristanco (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun Centro de Saúde en Agualada



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Allariz para a execución da obra: "Actuacións de saneamento nas bacías intercomunitarias. Saneamento nos núcleos de Airavella, Celeirós e San Miguel de Torneiros. Allariz (Ourense)" por importe de 213.770,47 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Betanzos para a execución da obra: "Actuacións de saneamento na bacía Galicia-Costa. Saneamento e depuración en Viladesuso. Betanzos (A Coruña)", por importe de 503.994,43 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ames para a execución da obra: "Actuacións de saneamento na bacía Galicia-Costa. Colector xeral de saneamento da parroquia de Trasmonte á estación depuradora de augas residuais en Agrón. Ames (A Coruña)", por importe de 609.798,73 euros
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Fornelos de Montes para a adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos por importe de 182.266,40 euros
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Xinzo de Limia para a construción dun punto limpo por importe de 378.809,24 euros

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Traballo a establecer compromisos de gastos de carácter plurianual na orde pola que se establece o procedemento de aboamento de cotas á Seguridade Social a traballadores e traballadoras que percibisen a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único e se procede á súa convocatoria para o ano 2007

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial do parque empresarial de A Sionlla, no concello de Santiago de Compostela (A Coruña) e o correspondente proxecto de obras públicas



INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia das obras para solventar a situación de grave risco de desbordamento dos ríos ao seu paso polas poboacións de Cee, Vilagarcía de Arousa e Baiona, por importe de 6.657.901,40 euros



O NOVO COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO OURENSÁN DE BARBADÁS TERÁ UN CUSTO DE MÁIS DE 3,2 MILLÓNS DE EUROS

- Terá capacidade para 6 unidades de educación infantil e 12 de primaria e acollerá o alumnado procedente dos distintos lugares do Concello de Barbadás
- A creación deste centro atende á crecente demanda de postos escolares neste municipio e mellorará o servizo de transporte escolar da zona

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea un Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) na Valenzá, no Concello de Barbadás. Este centro terá capacidade para 6 unidades de educación infantil (2 liñas de infantil) e 12 unidades de educación primaria (2 liñas de primaria). A creación deste centro, cuxo catálogo de postos de traballo estará formado por 25 docentes, supón uns custos de persoal por importe de 644.104 euros. Ademais, os gastos en obras e equipamento ascenden a 2.602.000 euros; e o importe anual estimado para gastos de funcionamento é 30.463 euros. Así, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria inviste un total de 3.276.567 euros nesta actuación.

A demanda de postos escolares de cara aos próximos cursos no Concello de Barbadás aconsella e xustifica o incremento da oferta educativa deste municipio, que na actualidade conta cun único centro situado no núcleo e no que se escolarizan 115 alumnos transportados procedentes das diferentes localidades do municipio. O novo centro constrúese na zona sur, que é de onde procede a maior parte do alumnado transportado.

Deste xeito, o novo CEIP que se creará na Valenzá, acollerá o alumnado procedente dos distintos lugares do Concello de Barbadás, cuxa poboación escolar tende a aumentar debido a que este municipio se está a converter en zona de expansión da cidade de Ourense. A creación deste novo centro, ademais de atender adecuadamente a crecente poboación escolar, servirá para mellorar o servizo de transporte escolar que actualmente se realiza desde esas zonas ao centro de ensino existente no Concello.

Polo tanto, esta acción vén motivada pola necesidade de acadar unha máis eficaz e eficiente utilización dos recursos públicos dispoñibles de cara á mellora da oferta escolar e pedagóxica da zona.

Substitución dun membro do Consello Escolar de Galicia

Paralelamente, o Consello da Xunta vén de aprobar o decreto polo que se dispón a substitución de Francisco Xosé Manuel Silvosa Costa como membro do Consello Escolar de Galicia en representación dos pais de alumnos pola Confederación Galega



de APA de Centros Públicos – Confapa Galicia. No seu lugar, noméase a Marta Lázara Fontao.



O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS AO MANTENIMENTO DOS EQUIPAMENTOS DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio co que se garante o mantemento dos centros de día e residenciais municipais xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para financiar o mantemento e o funcionamento dos equipamentos de atención á dependencia que serán xestionados a través desta entidade. En total, a Xunta destinará 1,34 millóns de euros para proceder ao financiamento dos gastos de funcionamento e mantemento dos centros de día e residenciais xestionados a través do Consorcio.

Este convenio desenvolverase nos centros de día e residenciais municipais nos que está previsto que o Consorcio asuma a xestión do mantemento e funcionamento ao longo do ano 2007, que son inicialmente un total de 15. Así, os primeiros concellos nos que se porá en marcha este sistema de xestión son Boiro, Carnota, Oleiros, Ortigueira, Outes, Monforte, Ribadeo, Coles, Rairiz de Veiga, Taboadela, Cerdedo, As Neves, Portas, Valga e Vigo. Porén, ao longo do presente ano poderán incorporarse outros centros próximos ao seu inicio de actividade, pendentos dalgunha pequena obra ou do seu equipamento ou os centros dependentes de concellos que no decurso do ano se adhiran ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar repartirá os fondos consignados no convenio de colaboración entre os equipamentos de atención á dependencia referidos, seguindo unha serie de criterios como son o tipo de centro, de día, de día e residencial ou só residencial, tendo en conta os diferentes custos do mantemento dos servizos e instalacións; o número de prazas de centro de día e residenciais de cada centro, tendo en conta o menor custo das prazas diúrnas e o maior custo das residenciais; a prestación ou non dos servizos de comedor ou lavandaría sobre rodas; e a superficie útil de cada un dos centros, como elemento obxectivo de valoración dos custos de calefacción, seguranza ou enerxía eléctrica, entre outros.

Servizos sociais de calidade

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar promove a xestión dos equipamentos de atención á dependencia a través do Consorcio de Servizos da Igualdade e do Benestar co obxectivo de garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente. Ademais, apóstase por incrementar os niveis de cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións; contribuír á



mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social; e proceder á distribución efectiva dos servizos e prestacións co fin de dar resposta á necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles.

O Consorcio procederá, con cargo ao orzamento do convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta, á xestión do cofinanciamento dos gastos de funcionamento e mantemento dos centros de día e residenciais xestionados por el, co obxectivo de acadar unha homoxeneización das características esenciais destes centros, así como das prestacións que deben ofertarlle aos usuarios, sen que isto teña que depender da capacidade económica e de xestión local de cada concello. Deste xeito ofértaselles a todas as entidades locais de Galicia unha fórmula de xestión compartida unitaria e coherente, que garanta a suficiencia financeira necesaria para o bo funcionamento deste tipo de centros.



A XUNTA INVISTE CASE 400.000 EUROS NO PROGRAMA DE FAMILIAS ACOLLEDORAS, QUE PRESTA ATENCIÓN TEMPORAL A MENORES EN SITUACIÓN DE DESAMPARO

- O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión de hoxe, a sinatura dun convenio coa Cruz Vermella para o desenvolvemento deste programa

O Consello da Xunta aprobou, na súa xuntanza desta mañá, a sinatura dun convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Cruz Vermella, polo que a Xunta investirá 397.000 euros na posta en marcha do programa de familias acolledoras. Este programa ten por finalidade ofrecer un servizo de atención temporal a menores en situación de desamparo ou desprotección social proporcionándolles un ambiente normalizado que permita evitar o seu acollemento residencial. Pola súa banda, Cruz Vermella achegará 69.760 euros.

O programa de familias acolledoras contribuirá a que as familias temporalmente desestruturadas conten cun apoio durante o tempo que dure a súa situación de dificultade. Os seus fillos menores de idade poderán ser acollidos por algunha das familias participantes no programa, evitando así o seu ingreso en residencias e favorecendo unha relación diaria coa súa propia familia.

O programa tamén xestionará que aqueles menores que estean en institucións e non poidan ir coa súa propia familia conten coa acollida nun ambiente familiar.

En virtude deste convenio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar comprométese a designar aos menores que se incorporarán ao programa así como a determinar a tipoloxía de acollemento que sexa máis adecuado a cada menor, ademais de valorar a idoneidade dos solicitantes, a través dos Equipos Técnicos do Menor que tamén establecerán o período de duración do acollemento. Pola súa banda, Cruz Vermella encargárase de seleccionar e formar as familias acolledoras que participen no programa.

Para o desenvolvemento do programa, Cruz Vermella, contará cun equipo en cada provincia formado por un psicólogo e un traballador social, ademais de persoal voluntario integrado por monitores ou educadores, profesionais técnicos (avogados ou sanitarios) e voluntarios para tarefas complementarias, como as de transporte.

O convenio prevé tamén o desenvolvemento de actuacións de divulgación do programa dirixidas tanto a profesionais como á poboación en xeral. Estas actividades de divulgación do programa realizaranse a través de carteis, trípticos, campañas publicitarias en radio e televisión ou reunións informativas. Estas actuacións estarán encamiñadas a sensibilizar á poboación sobre a problemática dos menores, captar familias susceptibles de realizar acollementos ou a informar aos profesionais que



traballan coas familias interesadas tanto en acoller menores como con aquelas nas que os menores precisen do acollemento.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR INVESTIRÁ 400.000 EUROS NA CREACIÓN DA ESCOLA INFANTIL DA ILLA DE AROUSA

- O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre este departamento da Xunta de Galicia e o Concello da Illa de Arousa

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar investirá un total de 400.000 euros na creación da escola infantil 0-3 anos da Illa de Arousa. O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión desta mañá, a sinatura do convenio de colaboración entre o Goberno galego e o Concello da Illa de Arousa.

O orzamento total para a construción desta escola e para a urbanización do seu contorno ascende a 500.000 euros dos que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asume o 80 por cento, cunha achega económica de 400.000 euros, divididos en dúas anualidades. En 2007 a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar investirá 120.000 euros na Galescola da Illa de Arousa e no 2008, os 280.000 restantes. Pola súa banda, o concello achega o 20 por cento do investimento total, que ascende a 100.000 euros. Deles, 30.000 euros corresponden á anualidade do 2007 e outros 70.000 serán achegados ao longo de 2008.

Esta nova escola infantil pasará a formar parte da Rede Galescola que está a impulsar a Xunta e que implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos en Galicia. A entrada nesta rede implica participar nos plans e proxectos de mellora da calidade que leve a cabo a Secretaría Xeral de Igualdade.

Unha vez creado, e en virtude do convenio asinado, o centro pasará a integrarse no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do que se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable de cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40 por cento para o sostemento deste servizo, correspondéndolle un mínimo do 30 por cento aos concellos e outro tanto aos usuarios.



A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORAN NA PROMOCIÓN DOS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DO RAMÓN PIÑEIRO

- A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a universidade compostelá renovan o convenio para que profesionais de prestixio da entidade académica desenvolvan a coordinación científica e técnica do Centro Ramón Piñeiro
- Actividades de asesoramento lingüístico e técnico nas áreas de Lingüística, Literatura e nos diferentes proxectos do centro son o obxecto da colaboración entra ambas as dúas institucións
- Política Lingüística destina 258.528 euros para financiar os traballos de dirección e coordinación dos proxectos

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Santiago renovan a colaboración para a promoción e o apoio á investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio plurianual entre as dúas institucións.

Política Lingüística considera fundamental contar coa colaboración de profesionais universitarios de recoñecido prestixio que aborden a coordinación científica e dirección técnica do Centro Ramón Piñeiro, así como a colaboración nos diferentes proxectos de investigación.

Con este obxectivo, a secretaría xeral e a USC veñen colaborando para que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades desenvolva as tarefas encomendadas de estudo filolóxico e de conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas, que permitan unha investigación profunda da nosa historia lingüística e literaria. O convenio para desenvolver estas tarefas terá unha vixencia de tres anos.

Coordinación dos traballos por expertos

As actividades de asesoramento científico e técnico, a cargo de profesionais da Universidade de Santiago, incluídas no convenio refírense á coordinación xeral das actividades do centro, ás coordinacións técnicas das áreas de Lingüística e Literatura e aos diferentes proxectos, como o Arquivo Galicia Medieval, Termigal, Sintetizador Texto-Voz en Lingua Galega, Dicionarios de Literatura Galega, Avaliación e aprendizaxe do galego ou Dimensións da identidade colectiva en Galicia.

O departamento de Marisol López destina unha partida de 258.528 euros ao financiamento destes traballos.



O EXECUTIVO GALEGO ACHEGARÁ 846.500 EUROS PARA A INSTALACIÓN DA EXPOSICIÓN NACIONAL DA CONSTRUCCIÓN NAVAL EXPONAV

- Segundo se recolle nun convenio de colaboración que autorizou esta mañá o Consello da Xunta
- A mostra pretende facer unha retrospectiva histórica sobre a transcendencia que tivo a navegación en eidos coma os descubrimentos, a defensa, o transporte e o desenvolvemento tecnolóxico

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación para o Coñecemento da Construción Naval e das Actividades Marítimas EXPONAV para fomentar a conservación e exposición do patrimonio técnico, ornamental e documental relativo á construción naval e o sector marítimo a través da montaxe e instalación da Exposición Nacional da Construción Naval EXPONAV. Con este fin, achegará unha cantidade total de 846.500 euros.

A exposición -que segundo o texto do acordo se situará con carácter permanente no edificio de Ferrerías de Ferrol ou ben noutra sede que se determine dentro da Comunidade Autónoma- pretende facer unha retrospectiva histórica sobre a transcendencia que tivo a navegación nos descubrimentos, a evolución na industria estratéxica, a política de defensa, o desenvolvemento económico de sectores como o da pesca, o transporte marítimo e o desenvolvemento tecnolóxico no marco industrial do noso país.

Obrigas e pagamento

O convenio establece que a Fundación EXPONAV se compromete a destinar os fondos percibidos á fin establecida; a remitir á Xunta unha memoria das actuacións que se van desenvolver; a xestionar, coordinar e contratar as actuacións necesarias para o desenvolvemento do obxecto do acordo; a obter todas as autorizacións necesarias para o desenvolvemento da exposición; a empregar a lingua galega en todo o material gráfico e divulgativo que se realice da mostra; a consentir a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos; e a prestar colaboración e facilitar a documentación que se lle requira no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Para a realización dos pagos das achegas –que se realizarán en tres anualidades- a Fundación deberá xustificar que se realizaron as actuacións relacionadas co obxecto do convenio. A vixencia do acordo entenderase dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas, sen exceder en ningún caso do 30 de decembro de 2009.



Para facilitar o seu seguimento se constituirá unha Comisión Mixta Paritaria, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes, cuxas funcións serán a interpretación do texto, a proposta de pagamentos e –se é o caso- de addendas, a intervención previa á resolución por incumprimento e calquera outras relacionadas co desenvolvemento do convenio.



O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ 1.624.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA (GRUMIR)

- Os Grumir realizan funcións establecidas nos Plans de Protección Civil de Galicia, como intervencións en incendios forestais, en situacións derivadas de riscos naturais e tecnolóxicos, e noutras que impliquen perigo para as persoas ou os seus bens
- A Xunta de Galicia dá resposta, así, a un dos compromisos recollidos no Pacto Local asinado coa FEGAMP de contribuír ao financiamento e estabilidade dos grupos municipais de intervención rápida
- A Consellería de Presidencia achegará 424.000 euros e a de Medio Rural achegará 1.200.000 euros

O Consello da Xunta acordou este xoves a sinatura dun convenio de colaboración entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do Medio Rural e de Traballo, xunto coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), polo que se destinan 1.624.000 euros para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil e prevención e extinción de incendios forestais. Con esta achega financiarase o funcionamento da estrutura estable e profesionalizada dos grupos municipais de intervención rápida (Grumir), conformada por tres dos quince membros de cada grupo. Ao importe regulado neste convenio haberá que sumar a achega da Consellería de Traballo, que financia a través de programas de emprego os outros doce membros –voluntarios- que integran a estrutura renovable.

Así, a Xunta de Galicia dá resposta a un dos compromisos recollidos no Pacto Local asinado coa FEGAMP de contribuír ao financiamento e estabilidade dos grupos municipais de intervención rápida.

O obxecto deste convenio é, pois, o de consolidar unha estrutura estable, sobre a base dos Grumir existentes en 63 concellos. Así, permitirase a prestación dos concellos galegos de servizos de protección civil, protección do ambiente, e salvagarda das persoas, entre outros. Este acordo, ao que se adheriron 50 concellos, foi prorrogado nos anos sucesivos.

Os Grumir realizan funcións establecidas nos Plans de Protección Civil de Galicia, como intervencións en incendios forestais, en situacións derivadas de riscos naturais e tecnolóxicos, e noutras que impliquen perigo para as persoas, os seus bens ou o ambiente. Tamén colaboran cos concellos en distintos eidos, como os culturais, educativos, deportivos, de servizos sociais e de sanidade.



Financiamento dos grupos

O texto do acordo, cuxa sinatura foi aprobada hoxe, regula as condicións do réxime de funcionamento e financiamento da sección estable e profesionalizado do grupo. Así, este ano a Consellería de Presidencia e a de Medio Rural contribuirán cun importe total de 1.624.000 euros, dos que a Consellería de Presidencia achegará 424.000 euros e a de Medio Rural os 1.200.000 euros restantes.

Pola súa banda, a contribución dos concellos realizarase directamente aos traballadores contratados en cada entidade, con cargo aos seus respectivos orzamentos, na contía que lle corresponda. Este acordo estará vixente ata o 31 de decembro, e pódese prorrogar anualmente.



A XUNTA E O GOBERNO CENTRAL DESTINARÁN 5,5 MILLÓNS DE EUROS A PROMOVER ACTUACIÓNS DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DAS PERSOAS INMIGRANTES

- A educación, o emprego, a vivenda, servizos sociais, saúde, infancia, muller ou co desenvolvemento serán algúns ámbitos de actuación nos que se actúe
- O Goberno Central achegará 4,3 millóns e o Executivo autonómico 1,2 millóns

O Consello da Xunta autorizou hoxe destinar 5,5 millóns de euros a promover diferentes actuacións de acollida e integración das persoas inmigrantes, no ámbito da Comunidade Autónoma. Así, a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia e o Ministerio de Traballo asinarán un novo convenio con esta finalidade co obxecto de potenciar actuacións de integración do colectivo emigrante, entre as que salienta o reforzo educativo.

O orzamento das actuacións recollidas para o ano 2007 é de 5.519.080 euros, que se financiarán con cargo aos orzamentos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e da Secretaría Xeral de Emigración. No caso do Ministerio, a achega será de 4.311.095, e no da Secretaría Xeral de Emigración, de 1.207.985 euros.

Este protocolo, que ten como fin prorrogar a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2007, axusta as actuacións que se desenvolverán no Marco de Cooperación para a Xestión do Fondo de Apoio e Acollida e a Integración de Inmigrantes 2007.

Estas actuacións están enmarcadas nos eixes e liñas de intervención recollidas no dito Marco de Cooperación, e son: acollida, educación, emprego, vivenda, servizos sociais, saúde, infancia e xuventude, igualdade de trato, muller, participación, sensibilización e desenvolvemento.

Prórroga

Deste xeito, prorrógase tamén para o ano 2007, un convenio que xa viña existindo entre Xunta e o Goberno Central con esta finalidade. O acordo, asinado o 25 de outubro de 2005, recolle a súa prórroga automática se non existen denuncia expresa por algunha das partes, polo que nos anos sucesivos, como é o actual, os programas execútanse mediante a aprobación dun protocolo anual de prórroga acompañado dos correspondentes anexos nos que se detallarán as actuacións a realizar, o procedemento para o seguimento do seu desenvolvemento e as contías a achegar polas partes no correspondente exercicio.



POLÍTICA TERRITORIAL FINANCIARÁ AS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA PRAZA DE BALTAR, NESTE CONCELLO OURENSÁN

- O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes financiará cun total de 187.600 euros as obras de urbanización da praza de Baltar, neste concello ourensán.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello para realizar esta actuación que contribúe a integración ambiental e o contorno urbano onde se asenta.

As obras consistirán na colocación de pavimento de lastro de pedra granítica de cor gris. Así mesmo, renovaranse as redes de distribución de auga potable, de saneamento, enerxía eléctrica e iluminación pública. A actuación quedará completada coa instalación de mobiliario urbano funcional e, dende o punto de vista ambiental, axeitado ao contorno onde se sitúa.

A CPTOPT achega o orzamento necesario para acometer as obras, mentres que o concello de Baltar deberá poñer a disposición os terreos libres de cargas, obter os permisos e licenzas pertinentes e asumir o mantemento e conservación do espazo unha vez acondicionado.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras en contornos urbanos coa finalidade de adecuar espazos dende o punto de vista ambiental e urbanístico e, deste xeito, incrementar as dotacións e mellora das instalacións para uso cidadán.



POLÍTICA TERRITORIAL E O CONCELLO DE MOAÑA COLABORARÁN PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA NA AVENIDA DANIEL CASTELAO

- A CPTOPT investirá 300.000 euros na urbanización desta vía e transferirá a súa titularidade ao Concello

O Consello da Xunta autorizou un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Moaña para mellorar a seguridade viaria na PO-314, tamén denominada avenida Daniel Castelao, que dá acceso ao Porto do Con. A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes destinará 303.593 euros a esta actuación.

Esta estrada, duns 750 metros entre o cruzamento coa PO-551 e o Porto do Con, converteuse co paso do tempo e a proliferación das edificacións nunha rúa cun grao de deterioración notable e unhas condicións de urbanización deficientes. Por iso, faise preciso realizar diversas actuacións de urbanización e mellora da seguridade viaria.

Segundo o convenio, a CPTOPT realizará a achega económica e transferiralle ao Concello a titularidade da estrada, xa convertida en rúa. O Concello de Moaña, pola súa banda, redactará o proxecto técnico, executará as obras e recibirá a titularidade e mantemento futuro da vía unha vez que se rematen os traballos.



POLÍTICA TERRITORIAL ACHEGA PRETO DE 268.000 EUROS Á PAVIMENTACIÓN DA RÚA PRINCIPAL DE VILARDEVÓS

- O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello
- As obras consistirán na reposición do pavimento rodado, das zonas peonís e das redes de distribución de auga potable, de saneamento, enerxía eléctrica e iluminación pública

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes financiará cun total de 267.800 euros as obras da segunda fase de urbanización da rúa Eloi Luis André, no concello ourensán de Vilardevós.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello para realizar esta actuación en dous tramos da rúa máis importante do núcleo de Vilardevós e, deste xeito, completar a urbanización iniciada en 2004.

As obras consistirán na reposición do pavimento rodado, das zonas peonís e das redes de distribución de auga potable, de saneamento, enerxía eléctrica e iluminación pública. A actuación quedará completada coa instalación de mobiliario urbano funcional e, dende o punto de vista medioambiental, axeitado ao contorno onde se sitúa.

A CPTOPT achega o orzamento necesario para acometer as obras, mentres que o Concello de Vilardevós deberá poñer á disposición os terreos libres de cargas, obter os permisos e licenzas pertinentes e asumir o mantemento e conservación do espazo unha vez acondicionado.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras en contornos urbanos coa finalidade de adecuar espazos dende o punto de vista ambiental e urbanístico e, deste xeito, incrementar as dotacións e mellora das instalacións para uso cidadán.



A XUNTA DESTINA MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS Á URBANIZACIÓN DA PRAZA ANTONIO ROJO LOSADA, EN MONTERROSO

- O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello
- As obras suporán unha reordenación integral deste espazo así como das zonas próximas á praza

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes financiará cun total de 1.079.000 euros as obras de urbanización da praza de Antonio Rojo Losada, no centro urbano do concello lugués de Monterroso.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello para realizar esta actuación que contribuirá a recuperar e rehabilitar un espazo público que antigamente se utilizaba como mercado de gando.

As obras suporán unha reordenación integral deste espazo así como das zonas próximas á praza, a pavimentación mediante materiais acordes co contorno tanto dende o punto de vista estético como ambiental e a substitución das infraestruturas existentes (saneamento e abastecemento de auga, enerxía eléctrica e iluminación pública). Deste xeito, o novo espazo contará cunha importante zona de paseos peonís e con outra perfectamente delimitada para o tráfico rodado.

A CPTOPT achega o orzamento necesario para acometer as obras, mentres que o concello de Monterroso deberá poñer á disposición os terreos libres de cargas, obter os permisos e licenzas pertinentes e asumir o mantemento e conservación do espazo unha vez acondicionado.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras en contornos urbanos coa finalidade de adecuar espazos dende o punto de vista ambiental e urbanístico e, deste xeito, incrementar as dotacións e mellora das instalacións para uso cidadán.



A XUNTA DE GALICIA ACHEGA 689.500 EUROS AO FINANCIAMENTO DO PROXECTOTERRA, QUE TEN COMO OBXECTIVO DIFUNDIR E AMPLIAR OS COÑECEMENTOS DOS ESCOLARES EN ASUNTOS RELACIONADOS COA ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O URBANISMO

- Este investimento será achegado a partes iguais polas consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e de Vivenda e Solo
- O Proxectoterra como obxectivo fomentar a educación das novas xeracións na importancia de coñecer e preservar o patrimonio construído e a súa integración no territorio

A Xunta de Galicia, a través das consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e de Vivenda e Solo, aportará un total de 689.500 euros ao financiamento do Proxectoterra para a difusión dos contidos didácticos na educación secundaria e a súa adaptación á educación primaria.

Este investimento, que se realizará a partes iguais entre Política Territorial e Vivenda, está destinado á elaboración de materiais e actividades didácticas no marco do Proxectoterra, co obxectivo de formar, difundir e ampliar os coñecementos dos cidadáns en temas relacionados coa ordenación, planificación e actuacións sobre o territorio, educando as novas xeracións na importancia de coñecer e preservar o patrimonio construído e a súa integración no territorio.

O Proxectoterra vai dirixido aos niveis de formación obrigatorios (E.S.O.), coa finalidade de achegar os nosos estudantes á arquitectura, entendendo esta como todas aquelas actuacións sobre o territorio realizadas por homes e mulleres para conseguir unhas mellores condicións de vida. Entre as implicacións educativas do proxecto, cabe destacar as seguintes:

- Intervir nos niveis de formación obrigatorios, por chegar á xeneralidade da poboación, para presentar as problemáticas básicas da ocupación do territorio e da arquitectura.
- Contribuír a superar a visión da arquitectura como un estudo das formas arquitectónicas e/ou arquitectura histórica.
- Contribuír a poñer en valor o patrimonio construído herdado, entendéndoo como o resultado dun continuo histórico que ten a virtude de ser pasado, presente e futuro.



O material didáctico deseñado desenvolve os tres ámbitos de reflexión do Proxecto Terra: arquitectura popular, arquitectura contemporánea e identidade territorial.



A XUNTA AUTORIZA O PASO DUNHA CANALIZACIÓN DE GAS POLO MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN COTO DA TRAPA EN PONTEDEUME

- Nun informe técnico deste departamento declárase a prevalencia da utilidade pública da obra proxectada sobre a do monte veciñal, dada a súa escasa afección e que non se observa incompatibilidade entre a servidume de paso e a ocupación temporal coa utilidade pública do monte.

O Consello da Xunta acordou hoxe, logo de informar favorablemente o departamento de Medio Rural, declarar a prevalencia da utilidade da instalación do gasoduto denominado Cabanas-Betanzos-Abegondo, no concello de Pontedeume (A Coruña), sobre a do monte veciñal en man común Coto da Trapa, pertencente á Comunidade de Montes de Ombre. Esta decisión vén motivada tras o informe realizado por responsables técnicos do Distrito Forestal I, no que non se observa incompatibilidade entre a servidume de paso e a ocupación temporal dos terreos coa utilidade pública do monte. Así mesmo, tamén se considera que a afección sobre a superficie afectada (13.060m²), cunha densidade de 1.600 pés de eucaliptus globulos e vexetación arbustiva, non é significativa.

Á vista destas consideracións técnicas e do feito de que o Consello da Xunta declarara o pasado 16 de marzo de 2006 a incidencia supramunicipal deste proxecto, a Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, primeiro, e a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais despois, informaron favorablemente sobre a prevalencia da utilidade desta canalización de gas. Así mesmo, durante este proceso non se recibiu ningunha alegación ao proxecto por parte da Comunidade de Montes de Ombre



A XUNTA ESTABLECE AS BASES DE COLABORACIÓN CON DIFERENTES FEDERACIÓNS DEPORTIVAS E ACHEGA 987.000 EUROS AO SEU DESENVOLVEMENTO

- Establécense así as bases de colaboración con estes organismos co obxectivo de participar nos gastos ordinarios e para a fixación dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe que a Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral para o Deporte, asine convenios de colaboración con cinco federacións galegas deportivas (atletismo, hípica, hockei, vela e natación), por un custo total de 987.000 euros.

Con estes convenios, establécense as bases de colaboración coas diferentes federacións, co obxectivo de participar nos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade.

Desta forma, o convenio coa Federación Galega de Atletismo ten un custo de 255.000 euros, dos que 25.000 euros se dedicarán á promoción do deporte feminino. Con respecto á Federación Galega de Hípica, o convenio ten un importe final de 291.000 euros, para a promoción de diferentes programas deportivos, a normalización do galego na súa comunicación e promoción do deporte feminino (6.000 euros), entre outras actuacións.

Coa Federación Galega de Vela asinouse un convenio de colaboración por un importe de 190.000 euros, dos cales 20.000 se dedicarán ao deporte feminino, mentres que con Natación o convenio está establecido en 160.000 euros (15.000 para deporte feminino). O último dos convenios asinados que pasou polo Consello da Xunta, é o da Federación Galega de Hockei que ten un custo total de 91.500 euros (6.000 para o deporte feminino).

Nas próximas semanas, o resto das federacións deportivas galegas, ata un total de 58, irán asinando os seus convenios de colaboración coa Dirección Xeral para o Deporte.



CULTURA CONVOCA POR PRIMEIRA VEZ BOLSAS DE INVESTIGACIÓN SOBRE A ARTE CONTEMPORÁNEA GALEGA

- O departamento autonómico destinará 48.000 euros a estas axudas, que terán unha duración de doces meses

O Consello da Xunta aprobou a creación de bolsas de investigación sobre o patrimonio da arte contemporánea galega. Por primeira vez, a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural destina unha partida económica de 48.000 euros a este tipo de axudas, cuxas bases vai establecer mañá o Consello da Xunta para así proceder a súa convocatoria.

O Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) converterase no escenario onde os bolseiros desenvolverán os seus labores coordinados polo persoal técnico do centro. Cunha duración de doce meses, estas axudas de carácter bianual contarán cun investimento de 48.000 euros a repartir entre este ano e o 2008. O importe de cada bolsa non excederá a cantidade de 6.000 euros anuais por solicitante.

En total serán oito as bolsas destinadas á investigación en materia da arte contemporánea. O traballo dos bolseiros centrarase no espazo documental do Proxecto Edición, en publicacións, na historia da arte nos anos 70 en Galicia e nas novas formas de educación artística.

Poderán optar a estas axudas os licenciados e diplomados en Biblioteconomía, Historia da arte, Filoloxía, Ciencias da Comunicación, Belas Artes, Documentación, Historia, Comunicación Audiovisual, Ciencias da Educación e Informática,.

Con esta nova partida a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural continúa cumprindo os obxectivos da Consellería de Cultura a prol da investigación arredor do patrimonio e dende os centros museísticos do país. Pola súa parte o CGAC, centro dependente da Consellería de Cultura, reafirma con estas axudas o seu regulamento polo que debe contribuir á formación e perfeccionamento do persoal especializado en arte contemporánea, museoloxía e museografía.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ MÁIS DE 1,28 MILLÓNS DE EUROS ÁS OBRAS DE REMODELACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS DE SANTIAGO

- O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería, o Ministerio de Vivenda e o Concello de Santiago

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Ministerio de Vivenda e o Concello de Santiago para o financiamento das obras de remodelación da praza de abastos compostelá. O proxecto conta cun orzamento de execución por contrata de 2.572.143,11 euros, do que a Consellería achegará 1.286.285,78 euros (o 25% do total), a mesma cantidade aportada polo concello, mentres que a achega do Ministerio alcanzará os 2.572.571,55 euros (o 50% do total). Os ditos importes serán asignados en tres anualidades.

Esta actuación enmárcase na planificación e desenvolvemento de estruturas comerciais galegas, que está a acometer a Xunta dentro do Plan de Renovación e Mellora do Comercio Galego.

Este plan inclúe un programa específico de mellora competitiva do comercio polo miúdo que busca conxugar os intereses entre o comercio e o contorno no que se desenvolve a súa actividade, impulsando os espazos de uso comercial e fomentando as actuacións desenvolvidas polos concellos para o mantemento e renovación do comercio e a revitalización dos centros urbanos e dos núcleos históricos.



A XUNTA DE GALICIA COLABORARÁ CON FENOSA, BEGASA E APYDE PARA MELLORAR A SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA NO RURAL, CUNHA ACHEGA ECONÓMICA DE 27 MILLÓNS DE EUROS

- Innovación e Industria achegará 27 millóns de euros para a mellora das infraestruturas eléctricas no trienio 2007-2009
- Este convenio enmárcase no obxectivo da Xunta de Galicia de mellorar a calidade da subministración eléctrica no conxunto do país
- As actuacións desenvolveranse aplicando as solucións técnicas máis axeitadas en cada caso, que garantan a calidade da subministración de cada zona.

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as empresas Unión Fenosa, (Barras Eléctricas Galaico-Asturias S.A. (BEGASA) e a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía Eléctrica de Galicia (APYDE), para a mellora da calidade da subministración eléctrica de Galicia no trienio 2007-2009.

Este convenio vén continuar o subscrito polo departamento autonómico e as tres distribuidoras eléctricas en 2006 e con el preténdese mellorar a subministración eléctrica naquelas zonas rurais aínda deficitarias, no marco de actuación da Xunta de Galicia de mellorar a calidade do subministración no conxunto do país.

O investimento previsto no convenio para levar a cabo as obras de mellora nas infraestruturas eléctricas no período 2007-2009 ascende a 60 millóns de euros, dos que as empresas achegarán 33 e a Xunta os 27 restantes.

Condicionantes singulares

A distribución da enerxía eléctrica en Galicia está sometida a uns condicionantes singulares, entre os que cabe destacar as condicións climatolóxicas, a vexetación e as especies características de distribución do solo. Estas características, unidas ao baixo consumo eléctrico e ao alto custo de execución das instalacións de subministración fan necesario o apoio das administracións no investimento en infraestruturas eléctricas.

Así, ao abeiro do presente convenio, subvencionaranse obras nas redes de media e baixa tensión, incluíndo centros de transformación e automatización que estean destinados a adecuar a calidade da subministración eléctrica no medio rural.

As actuacións desenvolveranse aplicando as solucións técnicas máis axeitadas en cada caso, que garantan a calidade da subministración de cada zona.



O CONCELLO DE CORISTANCO CONTARÁ CUN NOVO CENTRO DE SAÚDE EN AGUALADA

- O Consello da Xunta aprobou o acordo de autorización da cesión de terreos por parte do Concello

O consello da Xunta de Galicia de hoxe acordou aceptar a cesión dunha parcela de 1.961,44 metros cadrados, feita a título gratuito a favor do Servizo Galego de Saúde polo concello coruñés de Coristanco, con destino á construción dun centro de saúde en Agualada.

Nesta nova instalación sanitaria pública, a Consellería de Sanidade investirá arredor de medio millón de euros, para unha superficie construída de máis de 430 metros cadrados. O programa funcional do novo centro de saúde recolle dúas consultas de medicina xeral, unha sala de enfermaría e unha consulta polivalente.

Coristanco conta, na actualidade, para atender á demanda sanitaria da cidadanía, cun centro de saúde no propio concello e un consultorio en Agualada. O número de cidadáns con tarxeta sanitaria residentes no municipio é de 7.484, dos que 653 teñen menos de 15 anos, 4.864 entre 15 e 64, e 1.967 son maiores de 64 anos.

Os recursos humanos en atención ordinaria dispoñibles no concello son catro médicos xerais, un pediatra, unha matrona, tres ATS/DUE, e unha persoa dedicada á función administrativa.



MEDIO AMBIENTE INVISTE 214.000 EUROS NA DOTACIÓN DE SANEAMENTO EN ALLARIZ E 378.800 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO EN XINZO DA LIMIA, AMBAS AS DÚAS OBRAS NA PROVINCIA DE OURENSE

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible vén de aprobar senllos investimentos por importe total de preto de 600.000 euros para os concellos de Allariz e Xinzo da Limia, ambos na provincia de Ourense. Este orzamento destinarase á dotación de servizos de saneamento, no primeiro caso, e construción dun punto limpo no segundo.

Allariz

Continuando coas actuacións de mellora de saneamento que se veñen acometendo nesta vila, a Consellería de Medio Ambiente ven de aprobar un novo proxecto para a dotación de redes de saneamento a tres núcleos da vila ourensá de Allariz. Concretamente, dotarase deste servizo ás poboacións de Airavella, Celeirós e San Miguel de Torneiros. A actuación conta cun orzamento de 213.770,40 euros e un prazo de execución de 4 meses. Este proxecto véñse sumar ao aprobado a semana pasada no consello da Xunta, que cun investimento de 465.000 euros, que van destinados tamén á dotación de redes de saneamento, neste caso, aos núcleos da Torre de Santa Baia, Souto, Pousada-Taín, Turzás e Portovello.

Xinzo de Limia

Por outra banda, a Consellería de Medio Ambiente acordou tamén construír un punto limpo no Concello de Xinzo da Limia, tamén na provincia de Ourense. O proxecto conta cun orzamento de 378.809,24 euros, que será financiado integramente polo departamento autonómico, a través da dirección xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. A instalación estará emprazada nunha parcela de titularidade municipal, sita no polígono industrial, que foi cedida polo propio concello de Xinzo para tal fin.

O punto limpo, destinado á recollida selectiva de refugallos xerados no ámbito domiciliario, ocupará unha superficie de 1.122 metros cadrados e estará rematado nun prazo de catro meses, tras a súa execución.



MEDIO AMBIENTE INVISTE 690.798 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO COLECTOR XERAL DE SANEAMENTO DE TRASMONTE, NO MUNICIPIO CORUÑÉS DE AMES

- O colector xeral conectarase coa EDAR de Agrón, que actualmente está en execución
- O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración co Concello para executar esta obra, que se financiará en dúas anualidades con cargo aos orzamentos da EPOSH

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), investirá 690.798 euros na construción do colector xeral de saneamento da parroquia de Trasmonte, no municipio coruñés de Ames. O Consello autorizou hoxe a colaboración técnica e económica entre a Xunta e o Concello para executar o proxecto.

A obra consistirá na construción do colector xeral de saneamento da parroquia de Trasmonte, que se conectará coa EDAR de Agrón, que actualmente está en execución e que terá capacidade para 2000 habitantes equivalentes. O proxecto recolle a instalación de tres bombeos, pozos de rexistro e canalización do tubo de impulsión, así como as liñas eléctricas necesarias para o funcionamento destes.

O prazo de execución da obra é de seis meses e o financiamento desta realizarase en dúas anualidades, correspondendo 290.798 euros aos orzamentos de 2007 e 400.000 euros aos de 2008.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE ACOMETERÁ O SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN VILADESUSO, NO CONCELLO DE BETANZOS, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 500.000 EUROS

- O proxecto permitirá completar a rede de saneamento nesta parroquia e depurar as augas residuais mediante unha nova EDAR con capacidade para 700 habitantes equivalentes
- A obra ten un prazo de execución de seis meses

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible acometerá o saneamento e depuración en Viladesuso, no concello coruñés de Betanzos, cun investimento de 503.994 euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración co concello para executar a obra, que incluírá a construción dunha nova EDAR.

O obxecto do proxecto é completar a rede de saneamento na parroquia de Viladesuso, coa depuración e recollida das augas residuais mediante a construción dunha EDAR con capacidade para 700 habitantes equivalentes. Tamén se completará a rede de recollida de augas pluviais baixo tubo na estrada provincial e realizarase a pavimentación de beiravías nestes tramos.

Os colectores da rede de saneamento, que coinciden no seu trazado coa rede viaria actual, acompañaranse dos pozos de rexistro e bombeo, e instalaranse ademais dous tramos de tubo con impulsión e dous grupo de bombeo.

A obra ten un prazo de execución de seis meses e financiarase en dúas anualidades con cargo aos orzamentos da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH). A achega do presente ano 2007 será de 200.000 euros, e a correspondente ao 2008 será de 303.994 euros.



MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DE 182.000 EUROS Á CLAUSURA DO VERTEDOIRO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS EN FORNELOS DE MONTES (PONTEVEDRA)

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 182.266 euros á adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos (RSU) do concello de Fornelos de Montes (Pontevedra), despois de que o Consello da Xunta dese hoxe o visto bo para a colaboración económica e técnica entre o departamento autonómico e o municipal.

Esta actuación está prevista no programa de rexeneración de espazos degradados, incluído no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, e será financiada na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, que acometerá a clausura do vertedoiro nun prazo de tres meses.

Os traballos incluírán a colocación do sistema de drenaxe de lixiviados, o reacondicionamento do lixo e a recollida dos elementos dispersos no contorno, a nivelación da superficie resultante e á súa selaxe superior, a evacuación de augas pluviais e gases, e a instalación dun valado metálico para o peche da parcela.



A CONSELLERÍA DE TRABALLO ABOARÁ AS COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL AOS PARADOS QUE QUEIRAN DESENVOLVER A SÚA ACTIVIDADE PROFESIONAL NO ÁMBITO DAS COOPERATIVAS

- A axuda consistirá no aboamento do 50% da cota ao réxime correspondente á Seguridade Social como traballador autónomo/a calculada sobre a base mínima de cotización ou o 100% da achega do traballador nas cotizacións ao correspondente réxime da Seguridade Social
- A persoa beneficiaria deberá presentar unha única solicitude por todas as mensualidades ás que teña dereito, no marco de seis meses contados desde o derradeiro día do primeiro mes no que teña dereito ao aboamento

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, acordou destinar 320.000 euros a aboar as cotas da Seguridade Social a aqueles parados que queiran desenvolver a súa actividade profesional no ámbito das cooperativas ou en sociedades laborais. O obxectivo deste acordo, que será desenvolvido proximamente nunha orde que se publicará no Diario Oficial de Galicia, é facilitar o autoemprego dos parados. Os interesados en percibir estas cotas deberán recibir a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único.

A finalidade desta acción é propiciar iniciativas de autoemprego aos parados con dereito á prestación por desemprego, facilitando a realización dun traballo por conta propia ou a incorporación como socios e socias traballadoras ou de traballo a unha cooperativa ou sociedade laboral.

Así, concédeselle aos perceptores da prestación unha axuda que consiste no aboamento das cotas á Seguridade Social durante o período polo que percibisen a prestación de desemprego. Cómpre sinalar que están excluídas desta orde as axudas reguladas en réxime de concorrencia competitiva, posto que se trata dun dereito das persoas desempregadas cuxo recoñecemento está vinculado á obtención da capitalización da prestación por desemprego.

As solicitudes de axudas e subvencións presentaranse nos rexistros das respectivas delegación provinciais da Consellería de Traballo antes do 15 de setembro. Nese sentido, a persoa beneficiaria deberá presentar unha única solicitude por todas as mensualidades ás que teña dereito no marco de seis meses contados desde o último día do primeiro mes no que teña dereito ao aboamento.

Os perceptores destas cotas deben cumprir unha serie de requisitos como percibir a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, ter optado polo aboamento, dunha soa vez, da totalidade da prestación, así como ter adquirido a condición de socio ou socia traballador ou de traballo nunha cooperativa ou sociedade laboral. Outro dos requisitos é terse constituído como traballador autónomo sempre



que se trate dunha persoa cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ter iniciado unha actividade dentro do mes seguinte á percepción da prestación de pagamento único ou atoparse en fase de iniciación e estar dado de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

A axuda consistirá no aboamento do 50% da cota ao réxime correspondente á Seguridade Social como traballador autónomo ou o 100% da achega do traballador nas cotizacións ao correspondente réxime da Seguridade Social, durante o período polo que se percibiría a prestación por desemprego.

Esta axuda será incompatible coa percepción trimestral do importe da prestación por desemprego de nivel contributivo, na súa modalidade de pagamento único, para subvencionar a cotización do traballador ou traballadora á Seguridade Social.



A XUNTA FINANCIARÁ CON PRETO DE 59 MILLÓNS DE EUROS O NOVO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, PROMOVIDO POR VIVENDA

- A Consellería de Vivenda e Solo vén de contratar a redacción do proxecto de expropiación dos terreos necesarios para o desenvolvemento deste parque
- A totalidade dos terreos, 1,3 millóns de metros cadrados, estarán adquiridos na 2ª metade deste ano, por vía da expropiación ou permuta, cun investimento de 19 millóns de euros
- A licitación das obras de urbanización farase no 3º trimestre de 2007
- Con esta actuación, o Goberno galego avanza na súa política de acondicionar, no horizonte da lexislatura, 20 novos millóns de metros cadrados de solo empresarial

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o Proxecto Sectorial do Parque Empresarial da Sionlla, en Santiago de Compostela, que contará con 1,3 millóns de metros cadrados. Deste xeito, rematarase coa tramitación administrativa deste parque, que supón un investimento total de 58.834.524 euros.

Con esta actuación, a Xunta de Galicia aposta por avanzar na dotación de solo empresarial no Concello de Santiago de Compostela, dentro da política impulsada pola Consellería de Vivenda e Solo nesta materia. O obxectivo que persegue o Goberno galego é o de subsanar as graves deficiencias que posuía a Comunidade Autónoma en materia de solo empresarial promovendo o acondicionamento de 20 novos millóns de metros cadrados de solo no horizonte da lexislatura.

En concreto, o parque empresarial da Sionlla terá unha superficie de 1.380.000 metros cadrados, dos que se destinarán un total de 730.000 metros cadrados a solo empresarial neto distribuído da seguinte forma: 411.821 metros cadrados destinados a empresas de actividade industrial, 111.066 metros cadrados para uso terciario, e 207.064 metros cadrados para uso mixto industrial/terciario, aínda que a distribución final dos usos pode variar en función da demanda empresarial.

Ademais, o parque empresarial da Sionlla contará cunha terminal de transporte ferroviario, de 74.000 metros cadrados, o que o converte nunha plataforma loxística. As empresas contarán con conexión por ferrocarril e por estrada, N-550 e a P-9, ademais da proximidade do aeroporto de Lavacolla. Pegado á futura terminal hai reservada unha superficie de 44.000 metros cadrados para acoller a localización de servizos relacionados co transporte.



Trámites

O pasado 1 de xuño, Vivenda contratou a redacción do Proxecto de Expropiación deste parque empresarial, cun prazo de 2 meses. Transcorrido este tempo poderá iniciarse inmediatamente a tramitación do expediente de expropiación.

A Consellería de Vivenda prevé que a adquisición da totalidade dos terreos necesarios para o desenvolvemento desta actuación de solo produtivo estea rematada no segundo semestre deste ano, por vía da expropiación ou permuta con empresas propietarias de terreos dentro do ámbito, cun investimento estimado de 19 millóns de euros. A licitación das obras de urbanización producirase no último trimestre de 2007 cun investimento previsto de 23,4 millóns de euros.



A XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DAS OBRAS PRIORITARIAS, QUE SE EXECUTARÁN NO VERÁN, PARA PREVI ENCHENTES EN CEE, VILAGARCÍA DE AROUSA E BAIONA

- A obras, que foron priorizadas por Augas de Galicia, suporán un investimento de 6.657.901 euros e executaranse na tempada estival aproveitando o baixo nivel dos leitos fluviais
- Ás actuacións previstas teñen como obxectivo resolver os principais problemas estruturais que padecen os tres municipios e evitar o desbordamento dos ríos durante vindeira tempada de choivas
- As obras consistirán no aumento da capacidade hidráulica dos ríos e consolidación e saneamento das súas marxes, e súmanse as xa executadas para subsanar os danos provocados polas últimas riadas
- Unha vez rematadas estas obras, as máis urxentes de cara ao próximo outono, Augas de Galicia seguirá buscando cos concellos afectados as actuacións que resolvan de xeito definitivo os problemas de inundacións

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de emerxencia das obras prioritarias para a prevención de inundacións nos concellos de Cee (A Coruña), Vilagarcía de Arousa e Baiona (Pontevedra), a proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, que realizará un investimento de 6.657.901 euros para evitar o risco de desbordamento dos ríos ao seu paso por estes municipios. Este investimento permitirá resolver os problemas estruturais que padecen os tres concellos, que foron os máis afectados polas inundacións o pasado ano e súmanse ás obras que xa se realizaron para subsanar os danos das enchentes do outono. As actuacións acometeranse de forma inminente, aproveitando a diminución dos leitos que se produce durante os meses de verán.

Unha vez executadas estas obras, consideradas de máxima prioridade, Augas de Galicia seguirá negociando cos concellos as actuacións que resolvan dun xeito estrutural os problemas das inundacións.

A Consellería de Medio Ambiente, a través de Augas de Galicia, realizou un estudo da situación de cada un dos ríos e detallou aos concellos varias alternativas para solucionar os seus problemas estruturais. As obras que se van a executar foron priorizadas por Augas de Galicia para a súa execución urxente en cada un dos concellos durante a época estival.

As obras de prevención de inundacións realizaranse de xeito inminente e con carácter de emerxencia no río Groba, en Baiona, o río Con, en Vilagarcía de Arousa, e os ríos Laxes, Cee e Ferrol, no concello de Cee, que sufriron o pasado ano grandes problemas de desbordamentos. Estas actuacións consistirán, fundamentalmente, en ampliar as canles para aumentar a capacidade hidráulica, consolidar as marxes para



garantir a estabilidade do leito e sanear as marxes afectadas polas obras para evitar a contaminación das augas.

Cee

No río Cee está prevista unha actuación en 460 metros de canle, que incluírá canalización e actuacións en pasos superiores existentes na zona. No río Laxes a obra prevista abarcará 325 metros, dende o Ponte do Son ata a conexión do río co canal principal de Cee, e incluírá a instalación de colectores de saneamento de marxe. Pola súa parte, no río Ferrol ou Madriñán, a intervención afectará a 520 metros desde a zona de Raíces ata a conexión do río co canal principal de Cee, e incluírá canalización, instalación de colector de marxe de pluviais, colectores de saneamento de marxe e afección ao lavadoiro existente.

Baiona

O proxecto presentado por Augas de Galicia no río Groba, en Baiona, abarca unha zona de 1.150 metros de lonxitude, e contempla a ampliación do fondo da canle, a canalización con muros de pedras, o desprazamento de muros laterais existentes, a eliminación de obstáculos da canle, así como a adecuación e limpeza de marxes e a canalización subterránea baixo estrada.

Vilagarcía de Arousa

No río Con, en Vilagarcía de Arousa, acometerase a eliminación de lodos e sedimentos da canle e crearase unha nova canle de augas baixas. Tamén se contempla o reforzo e reparación de muros laterais, a substitución da varanda por un muro resistente para a contención de avenidas, a instalación dun sistema de contención de mareas e a limpeza xeral do río augas arriba.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE JACINTO PARGA FERNÁNDEZ COMO NOVO PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Jacinto Parga Fernández como novo presidente de Portos de Galicia en substitución de Vicente Irisarri. Desde setembro de 2005 ata agora, Jacinto Parga ocupaba o cargo de delegado da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes na provincia da Coruña.

Nacido na Coruña en 1969, Parga Fernández, é enxeñeiro de Telecomunicacións pola Universidade de Vigo, onde se especializou en Telemática.

Con anterioridade, estivo durante tres anos desenvolvendo a súa actividade profesional de enxeñeiro de telecomunicacións integrado nun equipo técnico multidisciplinar no eido da consultaría e das peritacións xudiciais.

No que atinxe á súa traxectoria profesional, ocupouse, entre outros, da xestión de licenzas de operadores de telecomunicacións ante a Comisión do Mercado das Telecomunicacións; de proxectos técnicos de desenvolvemento e implantación de infraestruturas de telecomunicacións; de informes sobre o estado de infraestruturas de telecomunicacións públicas, da xestión de expropiacións para o despregamento de redes de telecomunicacións; informes sobre a adecuación de redes sen fíos a un contorno industrial; e de proxectos de Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións (ICT).

Jacinto Parga Fernández tamén ocupou o posto de encargado de produción na planta de Cerámicas do Castro S.L., do Grupo Sargadelos.

A súa actividade profesional complementábase coa preparación de cursos sobre telecomunicacións, en colaboración coa Asociación Galega de Enxeñeiros de Telecomunicacións e coa Fundación Laboral da Construción.